

“BERENGUELA. Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo” de Manuel María

Adaptada por Sali Álvarez Carnero.

REPARTO POR ORDE DE APARICIÓN

Folla de Carballo – Aroa

Espiña de Toxo – Candela

Garda 1 – Aarón

Xuíza – Zoe

Alcalde – Gabriel

Recadador – Hugo Gallego

Cura – Joel

Garda 2 – Marcos

Carcereiro – Xan

Espíritu do monte – Hugo Hervella

ESCEA 1 (Folla de Carballo e Espiña de Toxo)

Folla de Carballo: Son a Folla de Carballo agarimada do ar.

A leve pinga de orballo sobre min se vén pousar.

Espiña de Toxo: Eu son a Espiña de toxo, espiña de toxo arnal.

Aínda que teño cara fera nunca fixen ningún mal.

Folla de Carballo: Feridora, fera, mancas co teu corpo de agulla.

Eu son mol. Doulle pousada aos paxaros.

Espiña de Toxo: Para que o saibas eu teño feitura de agulla porque así son máis delgada. Só por iso!

Folla de Carballo: Todo o mundo che ten medo. Non te achegues a min que me rabuñas.

Espiña de Toxo: Non tal! Gardo e protexo as miñas flores amarelas. As miñas flores, para que saibas, son o sorriso da primavera. Os pastores e os rabaños son meus amigos.

Folla de Carballo: Ti non tes amigos! Soñas esperta. Estás armada para facer o mal.

Espiña de Toxo: Son así. Non fago mal a ninguén. E quero ser a túa amiga.

“BERENGUELA. Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo” de Manuel María

Adaptada por Sali Álvarez Carnero.

Folla de Carballo: Imposible! Ti toleaches!

Espiña de Toxo: Por que...?

Folla de Carballo: Porque non.

Espiña de Toxo: Iso non é razón.

Folla de Carballo: Son unha señora moi señoreada, amiga do vento e máis da xeadá. Eu estou no alto, nun trono sentada. Ti estás no chan e non vales nada!

Espiña de Toxo: Pamplinas!

Folla de Carballo: Envexa! Tesme envexa! A miña cor verde dálle que cavilar ao azul do ceo, para que envexes.

Espiña de Toxo: Eu non che teño envexa nin a ti nin a ninguén. E non me cambio por ningunha folla de carballo.

Folla de Carballo: Que máis quixeras ti!

Espiña de Toxo: Presumida! Cursi!

Folla de Carballo: Insúltasme! Fáltasme ao respecto! A min, que son unha Señora Folla de Carballo!

Espiña de Toxo: Non che falta en nada. Non sexas enredosa e trapalleira.

Folla de Carballo: Cala, famenta, que te rillo cos meus dentes de serra!

Espiña de Toxo: Que medo! Atrévete, abusona!

(A Folla de Carballo bótase sobre da Espiña de Toxo. Saen da escena pelexando)

ESCEA 2

(Un Garda leva presa cunha gran corda, exaxeradamente grande, a Espiña deToxo)

Garda: Cala, que te mallo! Mira que querer matar e esfolar á Follina de Carballo!

Espiña de Toxo (con cara de inocente): Perdoe, Señor Garda. Eu non fixen nada malo. Foi ela a que empezou. Xúrolle que non voltarei falar con ela!

Garda: Cousa máis cativa endexamais vin. Es unha espiña feroz e ruín!

“BERENGUELA. Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo” de Manuel María

Adaptada por Sali Álvarez Carnero.

Espiña de Toxo: Non fixen nada malo! Eu nunca me metín con ninguén!

Garda: Agora que te ves perdidíña faste a mosca morta. Todas as espiñas espiñades. É verdade ou non?

Espiña de Toxo: Eu non espiño a ninguén. Son boa e pacífica.

Garda: Si...? Imos ver. Ti vas á misa...?

Espiña de Toxo: Non

Garda: Cumpres co precepto, pagas a contribución,separas ben o lixo?

Espiña de Toxo: Non

Garda: E aínda dis que es boa?

Espiña de Toxo: Si. É que eu non son unha persoa, que son unha espiña.

Garda: Logo, se es unha espiña, es mala.

Espiña de Toxo: E dálle!

Garda: Andando xunto da Xuíza!

Espiña de Toxo: Teña piedade de min, que non fixen nada! O único que fixen foi defenderme.

Garda: Todos os criminosos sodes uns papaverzas! Se non vos coñecerei eu! Arreando!

ESCEA 3

(A Espiña de Toxo diante do Xuíz)

Xuíza: Como te chamas?

Espiña de Toxo: Chámome Berenguela. O codeso é o meu padriño e a xesta é a miña madriña. Aínda que non sei se será ao revés (PENSA...) . A xesta é o meu padriño e...

Xuíza: Iso non me interesa. Respóndeme si ou non ao que che pregunto.

Espiña de Toxo: Si, señora Xuíza.

Xuíza: Así que lle pegaches á Folla de Carballo, eh? A pobre Folla de Carballo non ten con que defenderse. E ti...

“BERENGUELA. Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo” de Manuel María

Adaptada por Sali Álvarez Carnero.

Espiña de Toxo: Eu, señora Xuíza...

Xuíza: Ti, calas! Eu son a Xuíza e, polo tanto,..... o que fala. Entendiches?

Espiña de Toxo: Si, señora Xuíza.

Xuíza: Despois de rabuñar ferozmente á infeliz Folla de Carballo aínda tes a caradura de replicarme.

Espiña de Toxo: Eu non replicaba señora Xuíza.

Xuíza: Non, eh...? E logo, non me está a replicar? A min, que son a Xuíza! Estou perdendo a paciencia.

Espiña de Toxo: Eu... Eu non fixen nada!

Xuíz: Es teimuda! E aínda te atreves a mentir diante de min! Maleducada! Larpeira!

Espiña de Toxo: Clemencia e perdón, señora Xuíza!

Xuíz: Antes de mandarte para a cadea, (Queda uns intres muda e cavilosa) pagarás as atrocidades que cometiches; voute mandar a xunto do Alcalde para que che dea unhas leccións de cidadanía, a ver se sacamos algún proveito de ti, cousa que dubido.

ESCEA 4

(A Espiña de Toxo diante do Alcalde)

Alcalde: Eu son o Alcalde dono da alcaldía. E se quero expúlsote da cidade.

Espiña de Toxo: Si, señor Alcalde.

Alcalde: Se me peta, mándote poñer fóra do meu termo municipal, concello ou axuntamento, como prefiras.

Espiña de Toxo: Si, señor Alcalde.

Alcalde: Imos ver. Ti estás no censo?

Espiña de Toxo: Si, señor Alcalde. Estou censada como ben rústico.

Alcalde: Moi ben. Pagas o alcantarillado?

Espiña de Toxo: Non, señor Alcalde.

“BERENGUELA. Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo” de Manuel María

Adaptada por Sali Álvarez Carnero.

Alcalde: E a recollida de porcallada?

Espiña de Toxo: Non, señor Alcalde.

Alcalde: E pagas o imposto dos vehículos?

Espiña de Toxo: Non, señor Alcalde.

Alcalde: (FACENDO BURLA) Non, señor Alcalde; non señor Alcalde! Que non nin que puñetas! O que es ti é unha mexanacamal!

Espiña de Toxo: E que eu non teño casa. Eu, vivo no monte.

Alcalde: O que es ti é unha anarquista, unha separatista, unha espiña de mal vivir, unha pisabostas. Iso é o que es.

Espiña de Toxo: Eu, eu...

Alcalde: (Sae da escena a berros) Señor Recadador! Señor Recadador! Veña cobrarlle os impostos a esta Espiña Rebelde!

ESCEA 5

(Recadador e Espiña de Toxo)

Recadador: Son o Recadador e quero que me pagues todos os impostos. Comigo non valen nin mañas nin trucos!

Espiña de Toxo: Eu non teño diñeiro

Recadador: Non, eh...?

Espiña de Toxo: Non

Recadador: E non tes quen cho preste?

Espiña de Toxo: Non.

Recadador: Non tes un móbil, un ordenador, unha tablet, unha entrada de fútbol...?

Espiña de Toxo: Non, non teño nada.

“BERENGUELA. Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo” de Manuel María

Adaptada por Sali Álvarez Carnero.

Recadador: Non é posible! Teño que cumprir coa miña obriga e cobrarche os impostos...

Mais, non tes nada de nada?

Espiña de Toxo: O único que teño é o amarelo das miñas flores.

Recadador: Que pecado! Que herexía mais grande! O amarelo das flores non vale nada!
Teño que chamar polo Crego para que esconxure a esta herexe! (Sae da escena berrando)
Señor Crego, señor Crego!

ESCEA 6

(Crego e Espiña de Toxo)

Crego: Oh, Espiña de Toxo! Ti que vas contra o mandado, sementando a guerra pola faz da terra! Vén ao camiño do ben! E agora Di: AMÉN.

Espiña de Toxo: Amén!

Crego: Máis forte, máis forte!

Espiña de Toxo: (A berros) AMÉN, AMÉN!

Crego: Verdadeiramente, esta Espiña de Toxo ten o Demo metido no corpo! Arrenégote, Satanás! “Dios me lo perdone, Señor! (Facendo o sinal da cruz. Berrando) GARDA, GARDA, leva esta espiña fóra da miña vista.

ESCEA 7

(O Garda leva a Espiña de Toxo atada cunha gran corda)

Garda: Arrea! Estou desexando perderte de vista e deixarte xa dunha vez nun lugar seguro.

Espiña de Toxo: Non tires tanto, que me mancas.

Garda: Estache ben merecido!

Espiña de Toxo: Pero se eu non fixen nada!

Garda: Xa coñezo esa trécola! Imos, que non teño tempo que perder. Teño que ir beber as miñas cuncas (sinalando cos dedos) ao Grancas, ao Cantiño, O Venecia, ao Amieiral, a..... a onde me pete...

Espiña de Toxo: A moitos lugares vas.

“BERENGUELA. Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo” de Manuel María

Adaptada por Sali Álvarez Carnero.

Garda: E que teño moita sede.

Espiña de Toxo: O que che pasa é que es un borracho.

Garda: Eu un bébedo...? Mide as túas palabras, que eu son unha autoridade!

Espiña de Toxo: Se me deixas fuxir, douche un bocoi de viño do Ribeiro.

Garda: E onde o tes?

Espiña de Toxo: Agora non o teño. Daríacho así que me deixases fuxir.

Garda: Olla que es lista. Andando para a cadea!

Espiña de Toxo: Eu non fixen nada! Eu son inocente!

Garda: (Cantando como fan os nenos) A Espiña é inocente! Inocente como o nabo da semente!

ESCEA 8

(A Espiña de Toxo co Carcereiro)

Carcereiro: (Pechando a Espiña de Toxo na cadea) Eu son o Carcereiro da Cadea Principal!

Por Espiña tola e ruín, tes cen anos de cadea ben gardadiños por min!

Espiña de Toxo: Non entendo nada! Eu a ninguén lle faltei! Que inxustiza máis grande!
(Rompe a chorar e a saloucar)

Carcereiro: Non chorabas cando lle acometeches á Folla de Carballo! Asasina! Estarás na cadea deica que che se pudran os ósos. Vas botar cen anos e un día nesta cadea!

Espiña de Toxo: Eu non lle acometín á Folla de Carballo! Son de natural pacífico!

“BERENGUELA. Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo” de Manuel María

Adaptada por Sali Álvarez Carnero.

Carcereiro: Aínda tes que dicir, desvergoñada! Anarquista! Dexenerada! Separatista! Mentícheslle ao Xuíz, burlácheste do Crego, non respectaches ao señor Alcalde, négacheste a pagar impostos. E dis que non fixeches nada!

Espiña de Toxo: Eu digo a verdade!

Carceleiro: (Asegurándose de que está todo pechado, revisando os cadeados) Aí quedas, presa e ben presa, atada e ben atada! Eu vou botar un subastado cos gardas! Ha, ha, ha!

ESCEA 9

(Espiña de Toxo na cadea. Logo, o Espírito do Monte. A Espiña de Toxo asomando por unha fiestra, aínda que grande, chea de reixas e de barrotes moi grosos)

Espiña de Toxo: Ai de min, que son perdidiña! Levo cadea para anos e anos! Aquí, detrás destes ferros irei murchando pouco a pouco, sen esperanza de voltar a ollar a luz do sol!
(Chora e salouca)

Espírito do Monte: Espiña de Toxo... Espiñiña de Toxo... Berenguela. Berenguela!

Espiña de Toxo: Quen me chama?

Espírito do Monte: Son eu. O Espírito do Monte, que veño por ti. Non me recoñeces?

Espiña de Toxo: Claro que te recoñezo! Mais, como poderei fuxir?

Espírito do Monte: Teño poder para iso e para moito máis. Para iso son un espírito

Espiña de Toxo: E non darán comigo?

Espírito do Monte: Non teñas medo. Os teus perseguidores nada poderán contra ti nin contra min. Fora do asfalto, eles non son ninguén.

Espiña de Toxo: Non te fíes. Teñen todo medido, espiado, retratado, catastrado, e apuntado nuns libros.

Espírito do Monte: Eu levareite ao bosque máis perdido. Alí terás por compañeiras as nubes que pasan, os animais ceibes e o aire puro. Alí serás libre.

(O Espírito do Monte sopra, e caen esborrallados os muros da cadea)

Espiña de Toxo: (Dando brincos) Libre! Libre! Son libre!

“BERENGUELA. Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo” de Manuel María

Adaptada por Sali Álvarez Carnero.